

VALORES CÍVICOS E ÉTICOS

DOUTRA MANEIRA

6

GUÍA
DIDÁCTICA





8

Vas aprender a...

- Coñecer e valorar diferentes identidades culturais e establecer relacións afectivas.
- Dialogar e argumentar sobre algunhas causas da pobreza e das migracións.
- Contribuír á convivencia, ao respecto e á cooperación entre as persoas.

Na variedade está o gusto

É luns e volvemos da fin de semana. Pero na clase hai algo distinto. Un novo compañeiro! Polos seus trazos, parece da zona do Tibet. Achégaste con moitísima ilusión a saudalo e, de súpeto, sácache a lingua!

«Que persoa tan rara!», pensas.

«Está a burlarse de min?», preguntaste. Intúes que hai algo por descubrir...

51

Contexto

Á volta da fin de semana hai un novo compañeiro de clase procedente doutro país. Ilusionado, saúdalo, pero non responde como esperabas.. Estase a burlar de ti?

Esta situación de aprendizaxe axudará aos alumnos a descubrir, valorar e respectar diferentes identidades culturais, a preguntarse por que moitas persoas se ven obrigadas a deixar os seus lugares de orixe na busca dunha vida digna e a contribuír activamente á convivencia adoptando actitudes solidarias e de cooperación.



OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE ODS 16. Paz, xustiza e institucións sólidas

Preténdese activar o pensamento crítico e ético a través do coñecemento da nosa contorna, unha sociedade multicultural, para promover sociedades xustas, pacíficas e inclusivas.

Planificación

■ Sesión 1: Motivación e contextualización da situación de aprendizaxe.

Por que nos saudamos de formas distintas?

■ Sesión 2: *De onde provén tanta diversidade cultural?*

■ Sesións 3 e 4: *Que favorece a relación enriquecedora entre persoas?*

■ Sesión 5: *Incorpóroo á miña vida. Constrúo unha sociedade mellor. Para acabar, reflexiono...*

Instrumentos de avaliación

- Ficha de avaliación
- Rúbrica de avaliación competencial
- *Para acabar, reflexiono...*

Orientacións

- Despois de ler o encontro con este novo compañeiro e de ver a relación coa imaxe, falar do sentimento de curiosidade que aparece: *De onde procede? Que lingua fala? Por que veu aquí?*
- Expoñer unha rolda de preguntas sobre que lles fai pensar esta situación. Elixir aquelas preguntas máis significativas e, se dispón de tempo, escribilas en cartolinas para colgalas nun lugar visible da clase para usalas como motivación ao comezo de cada sesión.
- Conversar cos alumnos sobre experiencias vividas similares á situación exposta. Destacar as respostas que mostren actitudes de acollida e de afectividade cara ao outro.
- A partir das frases do apartado *Vas aprender a...* que están conectadas cos criterios de avaliación, nunha linguaxe adaptada á súa idade, comentar que cren que lles vai ser máis sinxelo de entender e que lles vai custar máis.

Por que nos saudamos de formas distintas?

1 Existen moitas formas distintas de saudarse segundo as diversas identidades culturais. Anímate a organizar un concurso para ver quen descobre máis.

Identidade cultural
p. 80

— En 45 segundos, escribe todos os saúdos que coñezas e a identidade cultural na que se usan. Quen conseguiu descubrir máis saúdos?

— É hora de practicar! Intercambiade saúdos entre vós e advíñade de que cultura proveñen.

2 Ademais do saúdo, moitas outras características diferencian as culturas: a roupa, a comida... Gustaríache saber de onde son orixinarias estas roupas e alimentos? Investiga.

Se os hindús se saúdan xuntando as mans e os esquimós achegando o nariz... como se saúdan os tibetanos? Que ben nos íria unha guía cultural!

Canta diversidade!

— Que trazos definen a túa identidade cultural? Cantas identidades culturais distintas hai na túa aula? Compartide as diferenzas para coñecervos máis.

Atención! Necesitas preparar a próxima sesión!

Coñecer características e costumes de diferentes culturas axúdanos a entendernos mellor e a sentirmos máis próximos uns doutros.

52

Por que nos saudamos de formas distintas?

Seguimos na primeira sesión para que os alumnos coñezan e entendan outras identidades culturais coa intención de que se relacionen mellor e se acheguen máis uns a outros.

Enlazando coa presentación, dar reposta á pregunta exposta: *Por que nos saudamos de formas distintas?*

Actividade 1

- Antes de realizar o concurso, individualmente, pensar durante un minuto en xestos e en expresións doutras culturas para realizar un saúdo. Ao finalizar, facer o relato e felicitar o gañador.
- Con todo o grupo en círculo, realizar o intercambio de saúdos, respectando as quenndas dos compañeiros.
- Consultar o apartado 2.1. *A vida en sociedade. Identidade cultural de Saberes e destrezas* e resolver as actividades que se expoñen.

Actividade 2

- Investigar individualmente en Internet sobre a cultura de orixe de cada elemento e encher unha táboa de dobre entrada co resultado.
- Se se dispón de tempo, completar a táboa con outros elementos da cultura: saúdo, comida, roupa, celebracións, lingua...
- Engadir á táboa anterior os trazos propios da identidade cultural do alumnado.
- Poñer en común e sinalar as diferentes identidades culturais da aula, se as hai
- Realizar a **actividade interactiva** *Canta diversidade!* para seguir descubriendo características propias doutras culturas a través dun xogo de parellas.
- Ter en conta preparar a próxima sesión con antelación para que os alumnos poidan realizar a actividade 3.

Solucionario

- Exemplos de saúdos do mundo: xuntar as mans diante do peito (hindús), fregar o nariz (inuits), sacar a lingua (tibetanos), reverencia (xaponeses), aperta de mans, bicos na fazula (latinos)...
- Kimono: Xapón. Patacas: América do Sur. Chapou charro: México. Sari: India. Millo: México. Arroz: Asia.
— Resposta aberta.

De onde provén tanta diversidade cultural?

No noso país, e ás veces tamén no noso contexto, observamos unha gran diversidade cultural, lingüística e de costumes. Por iso dicimos que vivimos nunha **sociedade multicultural**.

- 3 Posiblemente alguén da túa familia faga que a túa contorna sexa multicultural. Pregunta entre os teus familiares onde naceu cada un e en que lugares viviu.

— Elixe o familiar que viva máis cambios de residencia e preguntalle por estes cambios: que o animou a facelo, se foi voluntario ou non, que lle custou, se se mudou só, se supuxo unha mellora, se atopou diferenzas culturais...

— Traza sobre un mapa o percorrido dos seus trasladados. Engade, xunto a cada trazo, a causa que o provocou.

— Comparte en pequeno grupo o resultado das túas entrevistas e comentade as causas máis comúns de cambio de residencia.

Multiculturalismo

p. 90



- 4 Non todas as migracións teñen o mesmo motivo. Existen migrantes, exiliados e refuxiados. Fíxate nestas situacións. Es capaz de dicir a que corresponde cada unha?


Yusuf e a súa familia son cristiáns e vivían en Siria. Cando estalou unha guerra civil no seu país, perseguíronos pola súa relixión. Púderon fuxir e chegar a unha illa grega. Agora esperan axuda internacional e o asilo político.

Robert tenía un canle de noticias locais con moitos seguidores. Cando informou sobre a corrupción política na súa cidade, pecharon a canle e soubo que ían a arrestalo. Agochouse e conseguiu chegar ao país veciño. Agora abriu unha nova canle na que dá voz aos que piden maior información.

Causas das migracións

p. 84

Os pais de Ana eran campesiños en Centroamérica. Un furacán destruíu a súa granxa. Venderon o pouco que lles quedaba e viaxaron a España. Aquí encontraron traballo e naceron Ana e os seus irmáns.



De onde provén tanta diversidade cultural?

Nesta segunda sesión, os alumnos dan resposta á pregunta inicial co descubrimento das súas orixes familiares, á vez que coñecen e comprenden as causas que levan a moitas persoas a emigrar a outros países.

Actividade 3

- Expoñerlle a actividade ao alumnado cunha semana de antelación para que poida contactar co familiar escollido e realizar a entrevista, xa sexa presencialmente ou en liña. Guíalos cos seguintes pasos:
 - Preparar a entrevista estruturando o texto da seguinte maneira: Incorporar ao principio o saúdo e a explicación do motivo da entrevista. Escribir as preguntas ordenadamente nunha folla, formuladas de maneira aberta e clara. Engadir, ao final, a despedida e o agradecemento pola atención recibida.
 - Suxerirlles aos alumnos gravar a entrevista para poder atender mellor a aquilo que conte o familiar e poder consultalo no caso de dúbida.
 - Unha vez compartidos os mapas en pequeno grupo, colgalos e analizar, con todo o grupo, as causas máis comúns de cambio de residencia.
- Consultar o apartado 2.1. *A vida en sociedade*. **Multiculturalismo** de **Saberes e destrezas** e resolver as actividades que se expoñen.

Actividade 4

- Ler en voz alta cada unha das situacións expostas nos textos e extraer o motivo que leva a cada protagonista a saír do seu país de orixe.
- Conversar sobre as causas da pobreza e sobre os dereitos e liberdades das persoas (culto, expresión, opinión, circulación...) vinculadas ao **ODS 16**.
- Reflexionar sobre a situación actual de cada unha das persoas: *Tiveron oportunidades para adaptarse no novo país? Recibiron axuda e acollida por parte das administracións e da sociedade?*
- Relacionar, individualmente, cada situación cun dos tipos de migrantes. Poden consultar o apartado 2.1. *A vida en sociedade*. **Causas das migracións** de **Saberes e destrezas**.
- Visualizar o vídeo sobre as migracións e resolver as actividades que se expoñen.

Solucionario

3. Resposta aberta.
4. Yusuf e a súa familia son refuxiados. Os pais de Ana son migrantes. Robert é un exiliado.

Que favorece a relación enriquecedora entre persoas?

5 Viches nunha páxina web estas dúas noticias relacionadas coas migracións en dirección a Europa. Elixe a que che chama máis a atención:

Onda de pateras

120 inmigrantes son rescatados de varias pateras por un barco de salvamento. Outros tantos inmigrantes desapareceron no mar.

Conflicto na fronteira

Diversos menores africanos cruzan a fronteira sós e de forma ilegal. Devólvenos ao seu país.

— Atrévetevos a adoptar cada un o rol dun destes personaxes para realizar un breve diálogo cos puntos de vista de cada un? Explicade o que credes que pensa o voso personaxe sobre esta situación.

— Por exemplo, para o primeiro titular:



— Custoches situarte no rol que che tocou?, que sentiches?

— Reúnete cos membros doutros grupos co teu mesmo rol e comentade o que sentistes ao poñer os rostros na pel do voso personaxe.

— Elixide un representante que comparta co resto da clase os sentimentos do voso personaxe.

— Coñeces alguén que pase por unha situación similar ás das noticias?



54

Que favorece a relación enriquecedora entre persoas?

Nesta terceira sesión, para dar resposta á pregunta exposta, os alumnos coñecen a actualidade das persoas migrantes en dirección a Europa e exercen a empatía poñéndose no seu lugar. Deste xeito, foméntase unha actitude de comprensión e de entendemento cara a eles e ante a súa situación.

Actividade 5

— Aplicar a **rutina de pensamento** *Círculos de puntos de vista* (véxase *Guía de metodoloxías activas*, dispoñible no espazo dixital para o profesorado). Esta rutina permite desenvolver o «pensamento de perspectiva», a capacidade para enfocar unha situación desde distintos puntos de vista.

- Fórmanse grupos base de catro alumnos.
- Cada alumno ou alumna deberá dar a súa versión do que está a pasar, situándose no punto de vista dun dos personaxes que aparecen.
- A continuación, os membros de cada grupo, cuxo rol sexa o mesmo, forman un grupo de expertos e comparten os seus puntos de vista e sentimentos.
- Finalmente, un portavoz de cada grupo de expertos expón o punto de vista e os sentimentos de cada personaxe, obtendo, así, unha visión máis rica da escena.
- Con esta rutina adquirese o hábito de considerar os diferentes puntos de vista ao abordar un tema.

— Realizar un xogo para conseguir unha listaxe de actitudes empáticas e de solidariedade.

- Por quendas, nomear unha actitude en voz alta e escribila no encerado.
- Ir eliminando a aqueles alumnos aos que non se lles ocorra ningunha ou repitan unha xa mencionada ata que só quede un.

— Reflexionar, individualmente, sobre que actitudes ou comportamentos teñen cos demais.

Solucionario

5. Resposta orientadora. Primeiro titular. Posibles sentimentos: inmigrante á deriva (medo de estar no medio do mar esperando ser rescatado); tripulante do barco de rescate (preocupación por poder axudar e salvar a todos os inmigrantes naufragados); inmigrante rescatado (agradecemento por seguir vivo, incerteza sobre o seu futuro); garda costeira (sentimento de cumprimento do seu deber).

Segundo titular. Posibles roles e sentimentos: un mozo ou unha rapaza menor inmigrante (tristeza por ser devoltos

ao seu país); o pai ou a nai do menor inmigrante (angustia polo descoñecemento de saber que pasará co seu fillo ou filla); un policía de fronteira (firmeza coa súa responsabilidade como policía); un membro dunha ONG de axuda aos inmigrantes (impotente por non poder facer máis polos menores).

— Resposta aberta.

6 En moitos lugares hai longas guerras e os nenos que viven alí non coñeceron a paz. Imaxina que estás nun país en guerra, destrúen a casa da túa familia e tedes que fuxir porque vos perseguen. Chegades á fronteira e os gardas pidenche que os convenzas de que vos deixen pasar. Que dirías? Prepara os teus argumentos.

— Reunídevos en parellas e escoitade os argumentos do voso compañeiro ou compañeira. Convéncenos?

— Conseguídeslo? A túa familia e mais ti podeades cruzar a fronteira.

• Que pensas que necesitaredes agora?

• A quen lle ides pedir axuda para empezar a vosa nova vida?

• Por que cres que vos axudarán?

• Que podes ofrecer a quen vos axuden?

— Recolle toda esta información nun mapa mental.

— Reflexiona: se algún cruzase a túa fronteira, ofrecerías o mesmo que necesitaches ti?

Como facer un mapa mental



7 Ao chegar a unha cultura distinta son moi importantes o respecto, a tolerancia e a boa convivencia. Pero... é o mesmo respecto que tolerancia? Teñen algo que ver coa convivencia? As tres parecense pero son distintas. Se chegases a un lugar novo, cal dos tres preferirías? Por que?

— Informate sobre dúas ONG que traballen pola tolerancia, polo respecto e pola convivencia entre as persoas. Que tipo de axudas ofrecen?



Tolerancia, respecto e convivencia
p. 82

É esencial convivir desde a tolerancia e o respecto.

Que favorece a relación enriquecedora entre persoas?

Nesta cuarta sesión comprender a importancia da tolerancia e do respecto para unha boa convivencia.

Actividade 6

— Pensar e compartir argumentos que lle permitirán ao alumnado sentirse identificado coa situación.

• Lembrar que o **mapa mental** (véxase *Guía de metodoloxías activas*, dispoñible no espazo dixital para o profesorado) é un método de análise que permite organizar os pensamentos e representalos de forma moi clara e intuitiva. Consta dunha imaxe central na que se plasma a idea máis importante. Dela irradian as ramas que simbolizan os demais pensamentos.

• Neste caso, o mapa mental deberá recoller a información obtida a través das preguntas, organizada en diferentes apartados que correspondan a cada unha delas: necesidades, axudas, razóns polas que axudar e ofrecementos.

• Incorporar imaxes e vixiar que se usen cores diferentes con sentido. Acordar cos alumnos o título do mapa mental, que debe figurar no centro da páxina.

— Visualizar a **infografía dixital** *Como facer un mapa mental* utilizando aplicacións como: Genially, Canva...

— Poñer en común os mapas mentais e responder a última pregunta de reflexión.

Actividade 7

— Compartir no encerado as ideas previas do alumnado sobre os conceptos *respecto*, *tolerancia* e **convivencia**.

— Consultar o apartado 2.1. *A vida en sociedade. Tolerancia, respecto e convivencia* de **Saberes e destrezas** e contrastar as explicacións coas ideas expresadas polos alumnos. Pódense realizar as actividades propostas.

— Elaborar, primeiro en parellas, e despois todos xuntos, unha definición para cada un dos conceptos.

— Buscar individualmente, preferentemente na contorna próxima (barrio, localidade), información sobre a ONG ou outras entidades de voluntariado que traballan para mellorar a convivencia.

— Se houbese tempo, realizar unha pequena presentación explicando que labor levan a cabo.

Solucionario

6. Resposta orientadora.

Posibles argumentos:

— Non temos onde vivir, destruíron a nosa casa.

— Non podemos ir á escola.

— O noso país está en guerra e os nosos pais non poden traballar.

— Queremos empezar unha nova vida no seu país.

Para o mapa mental:

— Posible título: Unha nova vida nun novo país.

— Necesidades: casa, comida, escola, traballo...

— Axudas: administración pública, ONG, veciños...

— Razóns polas que axudar: resposta aberta.

— Ofrecementos: contribuír ao progreso de todos, aprender o idioma, respectar os costumes, respectar a lei.

7. Este tipo de ONG ofrece axudas en atención, prevención de discriminacións ou abusos, sensibilización nas comunidades, formación...

Incorpóroo á miña vida

8 Lembbras a sorpresa polo saúdo tibetano? Para que a outros non lles pase o mesmo, axuda á túa embaixada a preparar unha guía de identidades culturais.

- Elixide cinco países, un por continente.
- Cada membro do equipo creará unha páxina coas principais características culturais dese país. Así, os posibles emigrantes non levarán sorpresas! Fíxadevos en trazos como:
 - a forma de saudar • a comida e a bebida
 - o vestuario feminino e masculino • o horario e o calendario
 - as prohibicións para o viaxeiro occidental...
- Se unides todas as páxinas teredes unha guía máis ampla.



Constrúo unha sociedade mellor

9 Pensa se hai alguén na clase, no teu barrio... con trazos culturais distintos aos teus.

- Que é o que máis che sorprende? Como podes acoller a diferenza para que vos enriqueza a ambos os dous?
- A que podes comprometerte?



Para acabar, reflexiono...

- Que aprendiches? Resume en tres frases o que consideres máis importante do que traballaches.
- Como o aprendiches? Que actividades e formas de traballar che axudaron máis a facelo?



56

Nesta quinta e última sesión, aplicar as súas experiencias e os seus coñecementos sobre a identidade cultural, transferir os valores adquiridos sobre convivencia, tolerancia e respecto, e reflexionar sobre o propio proceso de aprendizaxe (metacognición).

Incorpóroo á miña vida

Asumir o reto de preparar unha guía de identidades culturais para mostrar o **impacto** que lles causaron todos as novas aprendizaxes adquiridas sobre a multiculturalidade e os valores de respecto e tolerancia cara ás outras culturas.

Actividade 8

- Realizar a actividade en grupos de catro, lembrándolles que poden aplicar as actitudes de compañeirismo e cooperación que desenvolveron durante esta secuencia.
- Convidar o alumnado a ilustrar as súas páxinas con fotografías e debuxos, e a compartilas nun documento dixital.
- Tamén poden axudarse da táboa de saúdos e costumes realizada na actividade 2 (*Por que nos saudamos de formas distintas?*).

Constrúo unha sociedade mellor

Os alumnos **transfiren** os valores de convivencia e respecto entre culturas a partir dunha actividade de reflexión sobre a contorna máis próxima (clase, barrio...).

Actividade 9

- Realizar a actividade en parellas para fomentar un diálogo e o traballo da escoita activa.
- Convidar o alumnado a que expoña o seu compromiso e a que o realice para mellorar a convivencia na súa contorna.

Para acabar, reflexiono...

Comentar a importancia de realizar un traballo de **metacognición**, reflexionando e tomando consciencia do aprendido e de como o aprenderon.

- Compartir as frases escritas en pósits e pegalas nun mural na parede que pode conter os tres grandes bloques de contidos traballados: Identidades culturais - Multiculturalidade e migracións - Tolerancia, respecto e convivencia.
- Pechar a secuencia con preguntas como: *Pareceuvos interesante descubrir novas identidades culturais? Seranvos útiles os valores que se fomentaron?* Por último, responder as preguntas expostas durante a secuencia.

COMO AVALIAR

— Ficha de avaliación.

— Rúbrica de avaliación competencial tanto para o alumnado como para o profesorado que enlaza coas competencias e cos criterios de avaliación expresados no apartado inicial *Vas aprender a...*

Solucionario

- Resposta aberta.
- Resposta orientadora. Sorpréndeme que esta persoa fale outro idioma, punto de vista distinto, teña outras tradicións, celebre outras festas... Podo acoller a diferenza interesándome polas súas vivencias e así aprender sobre a súa cultura, preocupándome por axudala a integrarse...

— Comprométome a ser respectuoso, tolerante e empático con esta persoa e a axudala en todo o que poida para que se sinta integrada.

Nome: _____ **Data:** _____

Rúbrica de avaliación competencial

Indicadores	Niveis de desempeño				Total
	1	2	3	4	
Recoñece e respecta as características e os costumes relativos á súa propia identidade e cultura e aos doutras identidades culturais.	Manifesta moi pouco interese por coñecer e respectar as características doutras identidades culturais.	Interésase por algunhas identidades culturais, pero sen relacionalas coas súas características e nin cos seus costumes.	Demostra coñecer a súa identidade cultural e recoñece as características e os costumes de diferentes identidades.	Mostra interese por recoñecer e respectar as diferentes identidades culturais e define e compara a súa coas características e os costumes doutras.	
Entende os motivos e causas das migracións que levaron a ter unha sociedade multicultural.	Ten moitos problemas para distinguir as causas das migracións.	Coñece as causas das migracións, pero cústalle diferenciar os distintos tipos de migrantes.	Coñece as causas das migracións e define os diferentes tipos de migrantes, pero cústalle distinguilos en situacións.	Analiza e comprende as causas que levan a moitas persoas a emigrar a outros países e é capaz de distinguir os distintos tipos de migrantes.	
Mostra capacidade de empatía en contextos reais.	Non escoita aos demais, parece que só exista o seu punto de vista.	Escoita aos demais, pero non demostra entender outros puntos de vista.	Escoita aos demais, pero, en ocasións, cústalle entender outros puntos de vista.	Escoita aos demais, vese que entende outros puntos de vista, emocións e intencións e é capaz de valorar a resposta dos demais.	
Promove unha convivencia pacífica, respectuosa e inclusiva e utiliza o diálogo para superar diverxencias e establecer acordos.	Cústalle levar a cabo prácticas comunicativas ao servizo da convivencia.	Comunícase de forma respectuosa, pero non é dialogante.	Compórtase asertivamente de maneira dialogante e inclusiva para unha boa convivencia, aínda que lle custa en situacións críticas.	É respectuoso coas persoas, mostrando empatía e equidad. A súa actitude é de construción e diálogo na súa convivencia cos demais.	

Avaliación

Nome: _____

Data: _____

- 1** Inventa un diálogo entre tres mulleres de diferente orixe. O tema do diálogo é a diversidade cultural e a súa integración social na nosa vila ou cidade.

Marta Cecilia, de Ecuador: _____

Jing, de China: _____

Naima de Marrocos: _____

Marta Cecilia, de Ecuador: _____


Jing, de China: _____

Naima de Marrocos: _____

- 2** Os valores cívicos axúdannos a convivir. Define tres deles e explica, con exemplos, en que ocasións ou situacións se poñen en práctica.

acollida – paz – solidariedade – tolerancia – respecto – empatía

- 3** Debuxa e deseña unha camiseta xuvenil que sexa o símbolo da diversidade cultural.



Practica +

Nome: _____ Data: _____

Primeira parte do artigo 2 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos:

Toda persoa ten todos os dereitos e liberdades sen ningunha distinción de raza, cor, sexo, idioma, relixión, opinión política nin de calquera outra índole, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquera outra condición.

1 Explica coas túas palabras o significado do artigo 2 da Declaración dos Dereitos Humanos.

2 Clasifica as actitudes que favorecen, ou non, a xustiza e igualdade entre as persoas.

intolerancia – respecto – inferioridade – dignidade – superioridade – imposición – cooperación
diálogo – comprensión – rexeitamento – equidade – acollida

Fomentan a igualdade

Discriminan

— Utilizando as actitudes anteriores, describe unha situación de igualdade e unha de discriminación que vivises ou presenciases no teu colexio. Explica como sentiches.

3 Di se estas frases che parecen verdadeiras ou falsas. Consulta en Internet con que dereito da Declaración Universal dos Dereitos Humanos se relaciona cada unha.

É natural que os homes teñan máis liberdade que as mulleres.
As persoas teñen a liberdade de opinar e de expresar o que queiran sen restricións.
Se unha persoa é pobre non ten dereito a axudas.
As persoas poden circular libremente e escoller onde queren vivir.

Artigo 25
Artigo 19
Artigo 25
Artigo 2

Amplía +

Nome: _____ Data: _____

A integración é a participación dos inmigrantes no país de acollida e a súa identificación con el, sen perder as súas características culturais.

1 Le, investiga e completa a táboa.

Sira é unha nena de Marrocos, Manuela é española e Luís Alberto naceu en Perú. Todos son da mesma clase e teñen moito en común: valoran a amizade, son solidarios, gústalles divertirse... Pero tamén teñen gustos diferentes relacionados cos costumes do seu país de orixe.

Nome	Lugar de nacemento	Teñen en común	Distínguense por		
			Comida típica	Música tradicional	Celebracións tradicionais
Sira					
Manuela					
Luís Alberto					

— Parécenche positivas ou negativas estas diferenzas? Xustifícao.

— Como podes axudar a estes compañeiros a integrarse na clase?

2 Explica como se pode sentir unha persoa que viva lonxe da súa casa e da súa familia. Anota que pode botar en falta e que novidades agradables pode descubrir.

3 Imaxina que es un político. Prepara un discurso sobre as vantaxes de vivir nunha comunidade na que conviven persoas de diferentes procedencias xeográficas.

Podes ter en conta a diversidade nos seguintes aspectos: cultura, gastronomía, vestimenta, lingua...

Avaliación

1. Resposta aberta.
2. Acolida: recibimento ou hospitalidade que ofrece unha persoa ou un lugar. Cando chega un alumno novo á clase. / Paz: relación de harmonía entre as persoas, sen enfrontamentos nin conflitos. Cando dous compañeiros discuten. / Solidariedade: adhesión ou apoio a causas ou intereses alleos, especialmente en situacións comprometidas ou difíciles. Cando un amigo ou amiga necesita a miña axuda. / Tolerancia: respecto ás ideas, crenzas ou prácticas dos demais cando son diferentes ou contrarias ás propias. Cando os meus pais pensan de distinta maneira ca min. / Respecto: miramento, consideración ou deferencia que se fai a alguén. Cando falo cos meus avós. / Empatía: capacidade de identificarse con alguén e compartir os seus sentimentos; poñerse no seu lugar. Cando quero axudar a un amigo ou amiga que ten un problema.
3. Resposta gráfica.

Practica +

1. Resposta orientadora. Todas as persoas nace-mos cos mesmos dereitos. Todos somos iguais e non hai ninguén que se poida considerar superior a outro polos seus dereitos.
2. Fomentan a igualdade: respecto; dignidade; cooperación; diálogo; comprensión; equidade; acolida. Discriminan: intolerancia; inferioridade; superioridade; imposición; rexeitamento.
— Resposta aberta.
3. Falsa: artigo 2. Verdadeira: artigo 19.
Falsa: artigo 25. Verdadeira: artigo 13.

Amplía +

1. Sira: Marrocos; cuscús, hummus, té; música bérber; Moussem. Manuela: España; tortilla, xamón, paella; flamenco; as fallas, Feira de Abril. Luís Alberto: Perú; ceviche; huaylas; Festa das Cruces. Teñen en común: valoran a amizade, son solidarios, gústalles divertirse...
— As diferenzas son positivas porque poden enriquecer ao resto se as comparten.
— Sendo tolerante e respectuoso. Sendo empático e acolledor. Axudándoos.
2. Estrañado, triste, desubicado, só... Pode botar de menos os seus amigos, os seus familiares, a súa casa... Pode descubrir novos amigos, novas tradicións, aprender unha nova lingua...
3. Resposta orientadora. Estimados veciños, é un privilexio para todos o convivir nun lugar onde hai persoas de tan distintas procedencias. Grazas a tal diversidade, aquí podedes aprender cousas sobre países aos que talvez non viaxastes, a nosa gastronomía enriqueceuse con pratos exóticos excepcionais e temos a posibilidade de escoitar e de aprender diferentes linguas.

Solucionario 8. Na variedade está o gusto

SABERES E DESTREZAS

Identidade cultural

1. Resposta orientadora. Mexicana: vestimenta (traxe de charro), música (mariachis), gastronomía (frixol, millo, mole).
2. Resposta orientadora. Masai (africana); Inca (americana); Aboríxes (australiana); China (asiática).

Tolerancia

1. Resposta aberta.
2. Resposta aberta.

Causas da migración

1. Emigrante.
2. Esta persoa será considerada inmigrante en Alemaña porque chegou a este país procedente doutro, para establecerse nel.

Respecto

1. Toda persoa merece respecto polo simple feito de ser persoa.
2. As leis garanten o respecto dos dereitos e liberdades de todas as persoas por igual. Ter unhas leis que regulen o comportamento das persoas en comunidade axuda a conseguir unha boa avinza entre todos.

Convivencia

1. Resposta orientadora. Falar con respecto a compañeiros e profesores. Falar ben dos demais. Rexeitar os prexuizados. escoitar aos demais. Axudar aos compañeiros. Pedir axuda se se necesitase. Aceptar as opinións dos demais. Colaborar nas tarefas. Achegar en traballos grupais. Resolver os conflitos de forma pacífica.

Multiculturalismo

1. Resposta aberta.